

datos para unha BIOGRÁFÍA

Victoriano Taibo García naceu en Santiago de Compostela o día 22 de abril de 1885 no seo dunha familia de clase media, que saía adiante grazas ao seu negocio de hostalería. Os pais, Francisco Taibo Filgueira e Josefa García Lameiro, eran donos dunha fonda na Algalia de Arriba da cidade do Apóstolo. Foi o quinto de cinco irmáns: Pepe, Socorro, María, Luís e Victoriano¹.

Dende moi novo prendeu en Victoriano un enorme amor polo galego, ao que sempre foi fiel, a pesar do sufrimento que iso lle trouxo. Inicia xa de adolescente a súa militancia galeguista, entrando en contacto coas Irmandades da Fala, grupo co que colabora activamente (teatro, poesía)². Neste tempo exerceu sobre el unha grande influencia a figura do avogado e insigne galeguista Lois Porteiro Garea, morto na xuventude, e chorado por Taibo a través de versos inflamados característicos da época:

*De sócato, no hirto
estrondo da batalla,
que alumia os sagros eidos
c'o scentilar da esp'ranza;
cal desaparece a estrela
lumiosa, que señala
da libertá dos eidos
o final da jornada,
deixando aos xenerosos
luitadores da patria
envolveitos na treva
das soedades tráxicas...*

Despois de cursar os estudos primarios, e xa tendo publicados varios artigos en revistas de corte galeguista sobre temas literarios e de actualidade, decide estudar maxisterio e ingresa na escola "Normal" onde cursa a carreira.

Entre tanto non cesa a súa colaboración con numerosas revistas, principalmente galeguistas: *O Tío Marcos da Portela*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Rexurdimento*, *Céltiga*, *Alborada*, *Vida Gallega*, entre outras (algúns delas de ultramar).

Aínda que dentro da súa creación literaria destaca a poesía e o conto, tamén fixo incursións



▶ Santiago no fin do século XIX


no teatro, na compañía de Xaime Quintanilla, coa obra *A Estrana*.

Ao comezo do ano 1918 debuta como Mestre. Incorpórase como profesor na *Sociedad de Instrucción "Ponte de Mera"*, na aldea dese Nome na ría de Santa Marta de Ortigueira,



▶ Lois Porteiro Garea

[Arquivo Familia Taibo]



▶ Coa súa dona, Carme Rebollar Estévez

subvencionada pola emigración n'A Habana. Alí coñece á que sería a súa dona, Carme, e permanece como mestre por un período de tres anos e medio.

Pola mesma data morre en plena xuventude o seu amigo e insigne galeguista Lois Porteiro Garea.³

Nesa época continúa cunha actividade literaria intensa e prolífica, sendo recoñecido co nomeamento como Correspondente pola Real Academia Galega. É premiado en distintos concursos literarios. No ano 1922 publica o seu primeiro libro, o poemario



▶ Gonzalo López Abente

Abrente. Foi editado por *El Eco de Santiago* con introitos poéticos de Ramón Cabanillas e Gonzalo López Abente.⁴

En Maio de 1925 é destinado como mestre a unha poboación próxima á anterior, Couzadoiro, tamén na ría de Ortigueira, onde permanece por un curto período de catro meses e en abril de 1925 publica o segundo libro, a obra poética *Da vella roseira*. Séguenlle outros destinos por curto espazo de tempo que lle fan viaxar por Oza (A Coruña), Sigrás (Cambre) e Cerdido.

Pasa dous anos e medio en Fiestras (Xinzo da Limia), como mestre do estado, dende o 12 de setembro do ano 1927 ata o 11 de abril de 1930. Nese tempo contrae matrimonio con Carmen Rebollar Estévez, natural de Ponte de Mera. A voda celébrase o 12 de setembro do ano 1929 en



▶ Ramón Cabanillas

Ponte de Mera (xulgado de Ortigueira).

Chega a Morgadáns, Gondomar, en Abril do ano 1930. Estando en Morgadáns acontecen algúns dos máis importantes fitos que marcan a historia, tanto a do país como a súa persoal.⁵ Aquí pasaría a maior parte da súa vida laboral, cunha estancia que supera os 16 anos.

A chegada de Taibo é recibida con expectación. Acababa de inaugurarse un novo local para a escola, "a Casa do Ulla". A planta baixa estaba habilitada como aula e unhas escaleiras comunicábana co primeiro andar, onde era a residencia do mestre e da súa familia.⁶

Dende o primeiro momento Taibo integrouse na vida de Morgadáns. Relacionouse cos veciños

[Arquivo Familia Taibo]



► O matrimonio, diante da escola vella, con Irene Rial á beira esquerda. Á dereita, de pé e apoiada na casa, Trinidad

e interesouse polas cousas vinculadas coa cultura e a historia da vila. Recordan os alumnos que sobreviven a campaña de escavacións que levou a cabo sobre o solar da antiga ermida de San Martiño, á beira do vello camiño de Morgadáns a Tui. Ían armados de legóns, picos e pas, e cavaron ata atopar restos da cimentación da construción.

A alta natalidade desta parroquia nos anos 30 fai que teña que atender a uns cincuenta nenos menores de catorce anos, procedentes das aldeas de Vilas, San Roque e Gonda. Empezaron tendo clase, primeiro en horario continuo, e despois, trala petición do mestre, en horario partido, de 9 a 12 e de 14 a 16 h.⁷

A vida docente de Taibo en Morgadáns non se limitou ás aulas. A palabra mestre acadou toda a súa dimensión, e os seus alumnos máis que alumnos foron discípulos. Aínda hoxe, os que o coñecían, lembran as saídas que ao chegar o bo tempo facía con eles. Saídas de campo, como a que acabamos de relatar; pero tamén saídas lúdicas, co obxectivo principal de gozar e facer gozar. Gustábanlle especialmente a Taibo os papaventos. A miúdo saía as fins de semana na compañía dos alumnos que vivían máis preto para botalos a voar. El facíase cargo de todos os gastos, mercaba os fíos, o papel, as fitas e amosáballes aos rapaces como se armaba o


aparello para que viaxase no vento transportando a ilusión dos cativos.

A pesar da intensa actividade docente, dentro e fóra da escola, tiña Victoriano Taibo tempo para a conversa cos veciños. A pesar das tensas relación cos cregos, mantiña co párroco, Manuel de Lama, longas conversas. O mesmo ocorría con Manuel Gonda (o da Carballeira, como lle chamaba Victoriano) veciño da parroquia co que Taibo parolaba asiduamente.⁸

Aos cinco meses de estar en Morgadáns, o 22 de xullo de 1930, nace o seu primeiro fillo, que é bautizado co nome de Francisco Vicente (Fuco). Ano e medio despois nace a súa filla, Gloria Taibo Rebollar.⁹


[Arquivo Familia Taibo]

Fot. BLANCO
5.649



► Taibo coa colonia de Madrid no sanatorio de Oza (A Coruña)

[A. C. San Roque]



[A. C. San Roque]



▶ Dúas panorámicas do Morgadães da década de 1930


Pouco tempo despois prodúcese o triunfo da República, co que se abren enormes expectativas no anxeio de Taibo pola defensa do galego e de Galicia. Participa activamente na campaña política a prol do Estatuto Galego. Son coñecidas algunhas das súas actuacións en mitíns na compañía de destacados líderes políticos (Castelao, Paz Andrade, Alonso Ríos).¹⁰

Establece relación e amizade con outros mestres da contorna, como Luciano Folgar, mestre de Chaín (Gondomar), Benedicto Costas, de Vincios (Gondomar), Sebastián Pena, de Vilaza (Gondomar), entre outros. Mantén,

ademais, correspondencia coa intelectualidade de ultramar, pero tamén con grupos galeguistas, sociedades de emigrantes e persoas en particular.¹¹

Era Victoriano home de fondas conviccións relixiosas. Todos os domingos asistía a misa, acompañado dun bo número de alumnos e alumnas, dos que se ocupaba no curso dos oficios. A pesar diso a relación cos curas non era boa. Co párroco de Morgadães, Manuel de Lama, a relación era neutra, aínda que existía unha posición de respecto mutuo entre ambos os dous. Co cura de Peitieiros (parroquia veciña), Manuel Cabaleiro, censor en tempos do

[Arquivo Familia Taibo]



▶ Victoriano Taibo (sentado, á esquerda) con Manuel Gonda, o Manolo da Carballeira (de pé, á dereita)



► Dende o balcón desta casa de Paulino Pazos faláron Taibo, Benedicto Crespo, Castelao e Paz Andrade

franquismo, mantiña un enfrontamento que lle causou, no curso da guerra, o desterro a Valladolid.¹²

O día 5 de xaneiro de 1938 Taibo recibe un oficio da *Junta Técnica del Estado, Comisión de Cultura y Enseñanza*, na que lle comunican a suspensión de emprego e soldo por un mes, con traslado a Valladolid.

Catro anos durou o desterro en Villalar de los Comuneros. Nese tempo fíxose querer pola xente da vila castelá, aínda que na correspondencia que mantivo cos seus amigos de Morgadán describiu as necesidades e vida de privacións que pasaban, tanto el e a súa familia como os veciños de Villalar. Cabe pensar que non se detén a súa actividade creativa, pero neste período ralentízase ou case cesa a colaboración con publicacións especializadas.

O día 6 de febreiro de 1942 recibe comunicado de cese da sanción en Valladolid e traslado inmediato a Morgadán, retomando a función como mestre nesa parroquia. Once días despois, reinicia as clases.¹³ O regreso de Taibo foi recibido con enorme alegría por parte dos veciños de Morgadán, a pesar de que, polas circunstancias que se vivían, non se fixo ningún acto.

Retomou a vida e actividades cotiás, pero agora con máis precaucións á hora de manifestarse. Colabora cos veciños naquelas cousas nas que pode ser útil, como na

tramitación de documentos oficiais ou solicitudes á administración. Participa en actos públicos locais, como na homenaxe ao Padre Hermida. Coa súa familia ocorre o mesmo. Intégranse totalmente na comunidade, compartindo amizade cos veciños e participando nas actividades parroquiais.

Segue escribindo en galego e agora, imposto polas circunstancias, tamén en castelán. Reaparecen as colaboracións en xornais e revistas, ocupando sempre o centro da súa atención os temas relacionados coa lingua, a cultura, a etnografía ou os persoeiros galegos. A súa vinculación con esta terra queda patente en moitas das súas actividades e escritos. Ademais dunha interesantísima selección de vocábulos propios do léxico de Morgadán e Miñor maioritariamente, dedicou tempo tamén ao ensaio histórico con artigos como “Gondomar y

[A. C. San Roque]



► Padre Hermida

[A. C. San Roque]



► As escolas de Guillufé, Morgadán



Xubilase como mestre no ano 1954, tras catro anos en Lavadores. Trala xubilación non cesa a produción literaria, que continúa ata pouco antes da súa morte acontecida en 1966. Ocúpase de diversos temas literarios, pondo especial énfase na lingüística e no conto.


A mediados do ano 1955 recibe unha cariñosa homenaxe por parte dos antigos alumnos residentes en Montevideo, consistente nun xantar con entrega dun pergamiño asinado por todos eles. O escritor Francisco Fernández del Riego fixo a entrega do agasallo e unha descrición biográfica breve de Taibo.

No ano 1956 publica en Vigo o libro *Da agricultura, contos e lendas*, patrocinado polo Lar Gallego de Caracas. Contén unha serie de contos que, segundo el, foi recollendo da xente polos sitios pon onde andou. Este libro leva un prólogo do autor que non se conforma con presentarnos os contos que imos ler a continuación. Aproveita a ocasión de dirixirse aos lectores para facer un diagnóstico da

su primer conde”, publicado no xornal *Faro de Vigo* no ano 1949, ou etnográfico “Costumbres del Valle Miñor: O serán”, onde fai unha deliciosa descrición dese evento tradicional, vixente aínda como modo de xuntanza e diversión naqueles tempos que el, no seu artigo publicado no 1959, sitúa no ano 1935.

A comezo do ano 1946 é proposto como membro numerario da Real Academia Galega, nomeamento que se fará efectivo o día 7 de febreiro dese ano. Entre tanto seguen aparecendo colaboracións súas, maioritariamente en galego.¹⁴ Finalmente, o día 15 de outubro de 1948 le o discurso de ingreso na institución, co título “Rosalía de Castro precursora da fala”. Responde Ramón Otero Pedrayo.

Rematado o curso de 1950, Taibo é destinado ao barrio Lavadores de Vigo, como mestre propietario da Escola Nacional nº4. Traslada a residencia a esa cidade e alí continúa compaxinando as clases coa asistencia a diversos actos de índole cultural e faladoiros, e a colaboración coas publicacións habituais.



► Francisco Fernández del Riego

[Arquivo IEM]

situación do noso idioma, promover o seu emprego e condenar usos incorrectos de palabras ou expresións. Inclúe, ademais, en epílogo, un vocabulario que facilita a comprensión do libro, pois emprega con frecuencia palabras de uso pouco frecuente que intenta recuperar ou localismos que pretende incorporar ao curso normal da fala; as palabras recollidas levan a indicación do lugar onde el constatou o seu uso.

Segue publicando nas revistas máis diversas, tamén no xornal *Faro de Vigo*. Os contos e a lingüística son temas que continúan ocupando a Taibo. A preocupación pola fala e o bo uso do idioma son recorrentes.¹⁵

O día 13 de marzo do ano 1966 don Victoriano Taibo falece no seu domicilio en Vigo, sen chegar a ver publicadas algunhas das súas máis recentes obras, como *Abicedo* ou *Cabrinfollos*. ■

¹ É de salientar que se Victoriano destacou na literatura, o seu irmán Luís foi un músico e compositor destacado, residente en México, que deixou a súa pegada na historia ao pórle música ao himno galego "Casta dos Celtas" de Alfredo Brañas. Luís Taibo tamén tivo un certo vencello coa literatura, colaborando con revistas literarias de México e Cuba.

² O galego que non fala / a lingua da súa terra, / non sabe o que ten de seu / nin é merecente dela . Victoriano Taibo .

³ "Na morte de Luís Porteiro", publicado en *A Nosa Terra*, Taibo, que incluíra este poema no libro *Abrente*, expresa o seu sentir cuns versos cheos de dor. Varias revistas máis recollerán esta poesía, como *Vida Gallega*, *El Noroeste* ou *O Tío Marcos da Portela*; nalgúns casos aparecerá acompañado doutros traballos sobre o mesmo tema de escritores contemporáneos, como Ramón Cabanillas, López Abente, Eladio Rodríguez, A. Valcárcel... fenómeno indicativo do impacto que causou no seu momento a desaparición prematura deste persoero.

⁴ Manuel Antonio, escritor e amigo de Taibo, debutaba en Rianxo como correspondente da librería de Xoán Buceta, de Vilagarcía, coa venda desta obra.

⁵ Estando en Morgadán ten lugar a instauración da II República, o golpe de estado franquista, o nacemento dos seus dous fillos...

⁶ Acababa de marchar o mestre catalán Luís Bastóns. Durante dous meses un mestre interino foi o substituto ata a chegada de Taibo.

⁷ Taibo compartiu docencia en Morgadán con tres mestres máis. Por unha parte, Dona Carmen Valverde mestra das nenas, e coa que mantiña unhas moi boas relacións. Pola outra, estaban os distintos mestres que tivo a escola mixta de Prado, que se ocupaba exclusivamente dos nenos da citada aldea. Taibo cultivou unha grata amizade coa mestra dona Rita Araújo. E, finalmente, a escola "Publica" de *Unión Fillos de Morgadán*, sostida cos fondos privados desa institución en Montevideo. A escola de U. F. M. funcionou ata mediados de xullo do 1934, (fin de curso), data na que pechou por dificultades económicas, e onde exerceu Antonio Vidal Castro, ex profesor da Escola Pro Val, e de quen Victoriano tamén era amigo

⁸ É coñecida dos veciños a anécdota de que estando en certa ocasión enfrascados nunha conversa Victoriano e Manuel Gonda, camiñando pola estrada de Couso, entre Gonda e o Camiño Branco, repararon en que estaba amencendo, e que mentres ían e volvían, metidos na conversa, non se decataron de que pasara toda a noite.

⁹ Nunha visita que lle fixo en Morgadán, Paz Andrade interesouse polo seu labor creativo, e díxolle "amósame a túa última obra". Taibo, sinalando o seu fillo acabado de nacer, respondeu: Esta é a miña última obra.

¹⁰ Segundo referencia Carlos Méixome nun artigo en *A Peneira*, Taibo participou nun mitin o 14 de abril do 1932, día da República, celebrado en Vincios, na casa de Paulino Pazos na compañía de Benedicto Crespo -mestre de Vincios-Valentín Paz Andrade e Alfonso D. Rodríguez Castela.

¹¹ A colonia galega en Caracas subvencionou o libro *Da Agra Aberta* por falta de acordo comercial coas editoriais.

¹² É evidente que, o mesmo que outros mestres, e tamén polo seu historial galeguista, Victoriano Taibo foi sometido, durante a guerra e a posguerra, a un rigoroso seguimento por parte dos vixiantes do réxime. Taibo era consciente desa vixilancia, e extremou as precaucións. Con todo, algo tan nimio como a lectura dun diario, foi o desencadeante do seu desterro. Severino Chamadoira, alumno seu, describe así o feito: "Celebrábase misa solemne en Morgadán e don Victoriano, como sempre, acudiu na compañía da súa dona. Como aínda era cedo, don Victoriano paseaba polo adro, mentres que os rapaces, xogaban. Portaba debaixo do brazo un exemplar de *El Pueblo Gallego*, xornal que el lía. Nese intre chegaba á igrexa don Manuel Cabaleiro que, ao velo, achegouse a el e ripoulle o xornal berrando "¡Tira con esa porquería!". Taibo recolleuno e guindoulo aos fociños, mentres lle respondía "¡jeste é o mellor xornal que hai, repuñaeta!". Foise Cabaleiro, pero algúns días despois tentou recoller firmas, a través de dous veciños, co ánimo de depuralo, con moi pouco éxito." A pesar diso, pouco tempo despois, Taibo recibe o oficio comunicándolle a sanción. No documento da Sección Administrativa de 1ª Ensinanza sinalábase que a sanción formulóuselle, entre outros cargos, *por galleguista*.

¹³ A pesar das diferenzas entre ambos, algún tempo antes do regreso a Morgadán, Manuel de Lama, cura párroco, fixo unha recollida de firmas entre os veciños para reclamar o regreso do mestre. O éxito foi total, sumándose á proposta a gran maioría dos veciños, conseguindo máis de 200 firmas.

¹⁴ Propóríeno Eladio Rodríguez González, Ramón Otero Pedrayo, Francisco Vales Villamarín, Ángel del Castillo López e Florentino López Cuevillas.

¹⁵ Non tiña teimas á hora de escribir. Non precisaba condicións especiais, nin días sinalados, nin se illaba. Facíao nun escritorio, mesmo na cama e iso si, sempre ben provisto de tabaco. Era Taibo un fumador empedernido que, como era costume naquela época, enleaba el mesmo os cigarros.



▶ Victoriano Taibo
[Arquivo Família Taibo]